

Consulta Pública

PREVIA SOBRE ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL DAS INSTALACIÓNS DE TRANSPORTE E DISTRIBUCIÓN DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, AUGA E HIDROCARBUROS

En cumprimento do disposto polo art. 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, co obxectivo de mellorar a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de ordenanza, substanciárase unha consulta pública, a través do portal web do Concello, na que se recabará a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma acerca de:

a) Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa.

Nestes momentos a ORDENANZA FISCAL Nº II.12 REGULADORA DA TAXA POR UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL non cubre nin todos os supostos de ocupación de dominio público, nin, nalgúns casos, coa especificidade necesaria (por exemplo, no caso do transporte eléctrico). Deste xeito, estase a producir unha diminución no exercicio dos dereitos da Administración sobre o uso ou ocupación do dominio público da súa propiedade.

b) Necesidade e oportunidade da súa aprobación.

En orde a suplir esta carencia, e tendo en conta que, dun tempo a esta parte, téñense desenvolvido por parte de diferentes administracións locais ao longo do Estado ordenanzas neste sentido referendadas polos tribunais, considérase oportuno abordar a aprobación dun texto regulamentario no Concello de Vilagarcía de Arousa.

c) Obxectivos da norma.

Definir os casos de uso ou ocupación do dominio público por parte de instalacións de transporte e distribución de enerxía eléctrica, gas, auga e hidrocarburo, e cuantificalos aos efectos tributarios dunha taxa municipal.

d) Posibles solucións alternativas regulatorias e non regulatorias.

As solucións á necesidade exposta son exclusivamente regulatorias, pero teñen que estar sustentadas nun texto técnico non regulatorio deseñado co triplo obxectivo de cumprir a lei, axustarse a xurisprudencia de ser posible, e cuantificar os distintos casos.

Os cidadáns, organizacións e asociacións que así o consideren, poden facer chegar as súas opinións sobre os aspectos expostos ata o 31/01/2019, a través do correo electrónico tesoureria@vilagarcia.gal.

Vilagarcía de Arousa, novembro de 2018.